

Andrea Nunes Brións: “*Begoñísima* lémbraños que a maxia máis poderosa é a que nace do colectivo”

Andrea Nunes Brións (Marín, 1984) achega con *Begoñísima* (Cuarto de Inverno) un retrato de Begoña Caamaño desde unha mirada próxima e emocional. O libro reivindica o seu legado feminista, xornalístico e literario como exemplo de compromiso colectivo e transformación social para as novas xeracións.

Sergio Casal

27 de marzo de 2026

<https://www.nosdiario.gal/articulo/cultura/andrea-nunes-brions/20260327215014251785.html>

—Que achega *Begoñísima* á visión sobre a vida e obra de Begoña Caamaño?

Esta publicación quere ser unha porta de entrada á figura de Begoña para lectoras e lectores novos. Non é propiamente unha biografía ao uso, senón un relato que intenta transmitir quen foi e que defendía Bego: unha muller comprometida coa lingua, co feminismo, co antimilitarismo e co xornalismo crítico. O libro busca achegar a súa historia dun xeito próximo e emocional para que as novas xeracións poidan descubrir non só a autora, senón tamén a persoa que era e o contexto no que desenvolveu a súa voz. Ademais, *Begoñísima* lémbraños que a maxia máis poderosa é a que nace do colectivo. É tamén unha homenaxe a todas as persoas que se organizan, que soñan xuntas e que transforman o mundo desde o coidado e a rebeldía.

—Como persoa achegada a Begoña, que elementos destaca dela como escritora, como xornalista e activista e como persoa?

Begoña Caamaño tiña unha enorme claridade ética. Como xornalista, foi unha voz moi lúcida e valente, sempre comprometida coa realidade do país, co feminismo, co antimilitarismo, coa defensa dos dereitos sociais e con moitas máis cuestións. Como escritora, tiña unha capacidade extraordinaria para revisar os relatos tradicionais e darlles unha nova perspectiva, especialmente desde as mulleres que quedaron nas marxes das historias oficiais.

E como persoa, destacaría a súa xenerosidade e a súa capacidade de escoitar o resto. Era alguén que acompañaba, que abría espazos e que facía comunidade arredor dela.

—Cal é o legado que deixa Begoña Caamaño nas Letras Galegas?

Deixa, sobre todo, unha maneira de contar historias. As súas novelas abriron camiños ao reinterpretar os mitos e os relatos clásicos desde unha mirada feminista e contemporánea.

Pero tamén deixa un legado de coherencia: a idea de que escribir en galego, de facer xornalismo e de pensar o país é algo que pode formar parte dun mesmo compromiso cultural e político.

—Que achegan as ilustracións da autoría de Agustina Shuan ao libro?

Para min as ilustracións de Agustina Shuan achegan unha dimensión visual que é moi simbólica. Outorgan viveza e fan máis atractivo e máis luminoso o relato. Axudan a construír unha atmosfera que resalta esa parte de Begoña máis entusiasta, libre e alegre. O seu traballo dialoga moi ben co texto: non se limita a ilustrar o que se conta, senón que amplía o universo do libro e lle dá unha personalidade moi especial.

—Por que deberían as novas xeracións de lectoras e lectores asomarse ás novelas de Begoña?

Porque tanto *Circe ou o pracer do azul* como *Morgana en Esmelle* seguen sendo libros moi transgresores. Nestas dúas novelas de Begoña Caamaño atopamos preguntas que continúan estando abertas: sobre o poder, sobre a memoria, sobre o lugar das mulleres nas historias e na sociedade, sobre a xestión dos vínculos, os amores, as amizades. Hoxe en día, a voz de Begoña Caamaño segue a ser moi poderosa. Tamén o seu xeito de mirar o mundo con espírito crítico e sensibilidade feminista que, agora máis que nunca, é moi preciso.